



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 29 DE OUTUBRO DE 2010.

SRES. Asistentes

Sr. ALCALDE:

D. Julio Ignacio Iglesias Redondo.

SRES. CONCELLEIROS:

Dª María Victoria Montenegro Paz.

D. Francisco García Prego.

D. José Salvador Ferreiro Montenegro.

D. José Manuel Cendán Fernández.

D. Fernando Otero Prieto.

Dª Josefina Martínez Martínez.

D. Manuel Rodríguez Doval.

Dª Belén Abeal Pérez.

D. Luis Cendán Fernández.

D. Francisco Echevarría Lage.

Incorporase as 12,11 horas:

Dª Ana María Fernández Coira.

Non asiste con excusa:

Dª Mercedes Garnde Regueiro.

Sr. Secretario:

D. Manuel Larrosa Rodríguez.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e coarenta e catro minutos do día vintenove de outubro de dous mil dez, previa convocatoria e citación ó efecto, reúñese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.

Aberta a Sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

PUNTO NÚM. 1.- APROBACION SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 1 DE XUÑO DE 2010.-

Dada conta da acta da sesión celebrada polo Concello Pleno o día 1 de xuño de 2010, o Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

PUNTO NÚM. 2.- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DA FESTA DO CORPUS CHRISTIE “ALFOMBRAS FLORAIS DE ARES COMO FESTAS DE INTERESE TURISTICO DE GALICIA”.

Visto o dictame da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Medio Ambiente, Comercio, Industria e Turismo do Concello de Ares celebrada o 15 de outubro de 2010 relativo á aprobación por unanimidade da solicitude de Declaración da Festa do Corpus Christie de Ares na que se cofeccionan as tradicionais “Alfombras Florais” como Festas de Interese Turístico de Galicia, segundo o explicado no documento elaborado ao efecto e do obxecto de logo acadar esta declaración e transcorrido o prazo establecido poder optar á declaración de interés turístico nacional, co obxecto de promocionar a vila de Ares a nivel turístico e cultural.



Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello de Ares, por unanimidade, acorda solicitar a Declaración da Festa de Corpus Christie “Alfombras Florais” de Ares como Festa de Interese Túristico de Galicia”.

PUNTO NÚM. 3.- DAR CONTA DAS RESOLUCÍONS DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucíons adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

PUNTO NÚM. 4.- MOCIÓN E PROPOSTAS.

a) MOCIÓN DO BNG “Mantemento do Servizo de Noitebús”.

Dase conta da Moción do BNG sobre o mantemento do Servizo de Noitebus, do seguinte teor literal:

“ O PP, a través da Xunta de Galiza, vén de anunciar a súa intención de suprimir o servizo coñecido como noitebús. Esta iniciativa, posta en marca na pasada lexislatura, forma parte das actuacións destinadas a mellorar a seguranza viaria a reducir a snistralidade, cubrindo as necesidades de desprazamento nocturno da mocidade. A demanda que rexistrou desde a súa posta en funcionamento dan boa mostra de que é un servizo necesario do que non se pode prescindir.

E lamentábel, á par que unha irresponsabilidade, escouitar do Presidente do Goberno Galego que “este é un servizo que resulta inncesario nun momento de dificultades económicas”, cando persoas expertas nesta materia fixeron público o seu desacordo nestes mesmos días. A propia Dirección Xeral de Tráfico (DGT) afirma que “este servizo ten demostrado a súa eficacia, ademáis a súa eficacia, ademáis de contribuui á eliminar vítimas e a concienciar sobre a conducción segura”. Tamén a plataforma Stop Accidentes uniuse a estas manifestacións para cualificar a pretensión do gobernó do PP de “desastre”, para engadir que “sempre é máis barato previr que lamentar”.

O BNG considera un auténtico desatino a intención do PP e o anuncio feito polo Presidente da Xunta. Os fondos destinados a previr os accidentes e dar servizos á xente nova poden considerarse un dispendio. Por outra parte o custe do servizo é perfectamente asumíbel pola Xunta de Galiza. No ano 2010 a Xunta dedicou ao Noitebus pouco máis de 4,5 millóns de euros, unha cifra que representa o 0,5% do orzamento da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras. Un investimento mo inferior ao gasto que o gobernó do PP está a



facer en propaganda e publicidade desde a Xunta de Galiza. O normal é que os recortes se realicen no ámbito da propaganda e non en servizos que cumplen unha función social evidente. A Xunta de Galiza debe rectificar esta decisión e manter o funcionamento dun servicio que ten demostrado a súa necesidade e utilidade.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación de Ares a adopción do seguinte:

ACORDO: Instar á Xunta de Galiza a manter o funcionamento do servizo de transporte público nocturno a lugares de lecer (Noitebus), sen aplicar ningunha reducción das rutas existentes e mellorando a súa dotación e funcionamento no conxunto do territorio galego.”

Interven o Voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Rodríguez Doval: manifestando que o acordo é un acordó explícito que tampouco hai que facer grandes esforzos para entendelo, tratase en definitiva de que o Concello se sume a unha vaga de peticións que esta habendo desde diversas institucións e colectivos, principalmente de colectivos estudiantis e xente máis nova, a respecto dun tema que para nos é fundamental porque se trata dun servizo, que non soamente estaba dandolle unha solución, ao transporte de moitas mozas e mozos durante os fines de semana, senón que fundamentalmente e creo que o máis importante, estaba evitando que se producisen os innumerables accidentes que en moitos casos derivaban desgraciadamente na perda de vidas humanas de xente moi nova, entre o 1 de xullo de 2009 e o 31 de marzo de 2010, e dicir menos dun ano, pois prácticamente utilizaron o servizo de Noitebus case catrocentos mil mozos e mozas, con duascentas seseta rutas que existían, hai unha conciencia desde a propia desde a propia Dirección Xeral de Tráfico, incluso desde as Entidades que están en contra do tema dos accidentes de recoñer que este servizo que se viña prestando pois loxicamente estaba resultando eficiente, por máis que nun se pode chegar ó cota cero de accidentes pero en todo o caso resultaba un servizo que desde o punto de vista de cal e como estaba plantexada resultaba. Nos non logramos entender e por eso traemos esta proposta aquí, que agora desde o goberno Galego cando curiosamente estaban moitos dos membros do Goberno Galego na oposición, reclamaban incluso que se aumentara o importe do diñeiro que se destinaba, e que se aumentaran as rutas, naquel momento na oposición, e que agora xustamente cando levamos un ano de novo goberno, nos encontramos cunha decisión unilateral por parte da administración e retirar este importane servizio. Nese sentido como parte desde pronunciamento de carácter social que está habendo, entendemos que o noso Concello debería pronunciarse nese sentido, que o único que pide é o que van como punto resolutorio que é **Instar á Xunta de Galiza a manter o funcionamento do servizo de transporte público nocturno a lugares de lecer (Noitebus), sen aplicar ningunha reducción das rutas existentes e mellorando a súa dotación e funcionamento no conxunto do territorio galego**, esa é a proposta que se trae a Pleno.



Interven o Voceiro de NAL, o Sr. LUIS CENDAN FERNANDEZ, manifestando que todo o que supon un recorte a un servicio como este, que levaba anos implantado pois é unha noticia negativa, pero si por outra parte o encadramos no contexto de que a situación económica que estamos atravesando, co recorte prepuestario que neste caso a Xunta de Galicia ten que facer, pois apostou por este servicio, eu sei que aquí se van a orixinar duas posiciones como é normal, pero claro visto nese contexto algún tema, algún servicio hai que recortar, o reaxuste presupuestaria esta hai, polo tanto eu creo que non quero xustificar que existan outros servicios con menos importancia que este co coste de seis millóns de euros anuais, se poderían quitar, eu non vou a entrar nesa discusión, polo tanto a noticia é negativa porque é un servicio que se pretende quitar, e nos a situación neste tema vai a ser a abstención.

Interven o Sr. Concelleiro non adscrito Sr. Echevarria Lage, manifestando que esta forma parte dunha serie de medidas, a crise esta hai e é necesario reducir os gastos, teño que dicir que éste é un servicio moi bo, eu sinceramente creo que debería continuar este servicio, e anuncia que o seu voto vai a ser a abstención.

Acto seguinte toma a palabra o Sr. Voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que este servicio de Noite Bus foi aprobado polo Real Decreto 80/2005 de 31 de marzo de 2005, e que non é o que se di por parte do Voceiro do BNG de había catrocentas líneas, eso non é certo, exactamente as que había eran cento noventa e catro, e dicir como xa se dixo aquí a situación económica, e a situación que esta a vivir Galicia, non é más idónea, pero dicir que esto se retomou foi polo seguinte, despois de facer un estudio destas cento noventa e catro líneas, hai moitas destas líneas que van valeiras, e inxusto que vaian a zonas rurais con unha ou duas persoas un bus, e polo maña a xente das parroquias ou deses pobos que queiran desprazarse a traballar ou o médico que non teñan línea, eso é lamentable, e facendo un estudio destas cento noventa e catro líneas moitas delas ían con pouca xente, quero dicir que non se vai a suspender esto, a reorganizar as líneas deficitarias que non teñan servicio iran a desaparecer, e outras que van a seguir funcionando, pero a maiores da situación económica, estes buses que son para a movida, para noite de lecer, que hai que implicar como se ven facendo en alguns sitios, que as empresas de Hostelería participen no custo do billete, para abaratar o servicio, creo que aquí hai que implicarse todos e xente que se beneficia desto como poden ser os empresarios de Hostelería, pois que colaboren para abaratar o servicio e dicir como dixen antes que hai líneas destas cento noventa e catro, que somos a Comunidade Galega a que máis líneas ten de este servicio, sigue a Madrileña cun vinte por cento e Cataluña cun dezaseis por cento das que ten Galicia implantadas, e creo que eso é un despilfarro nos tempos que estamos que anden os buses cunha ou duas persoas, eso non é de recibo, e cando menos que polas mañas, non axa para desplazar á xente a traballar ou os Centro de Saúde, que non se teñan líneas, esto hai que retomalo e as líneas que se poidan coas posibilidades presupuestarias que poidan participar que se sigan mantendo, dicir e deixar claro que se vai



seguir o servicio de transporte, que non se vai quitar, pero si as líneas que sexan deficitarias que non levan xente se van a quitar. Nos queremos presentarlle unha emenda, que sería a seguinte: "Instar á Xunta de Galicia para procurar formulas que fagan posible manter o servicio de transporte de Noitebus, conforme á demanda real e as posibilidades económicas derivadas do actual escenario económico", nos lle daríamos o voto a favor, polas motivacións que xa expliquei.

Toma a palabra o Voceiro do BNG, Sr. Rodríguez Doval, quen manifesta que estamos diante dun tema que seguramente si non o aplicamos a noitebus o aplicamos a outras cousas, pois vamos a ter que estar catro ou cinco meses aprobando mociones nos Plenos, que se refiran á merma ou a supresión de certo tipo de actividades, porque efectivamente poñerlle a coletilla de "en función das disponibilidade económicas", poñemos por diante o cartel de que non hai diñeiro e como non hai diñeiro, e como non hai diñeiro nos vamos a convencer de que non hai que facer nada, o diñeiro hai que gastalo ben, e hai que ter políticas que se consideran prioritarias e que non se consideran prioritarias, entonces efectivamente para o partido popular neste momento que non se diga que se vai a continuar o servicio de noitebus, porque o pasado 14 de outubro se elevou unha proposta ó Parlamento Galego para manter o servicio de noitebus e o Partido Popular votou en contra, se votou en contra é que non ten pensado manter o servicio de noitebus, senón houbese votado a favor, e más cando se quita a Orde de subvencións para este ano que sempre se quitaba o último trimestre do ano en que se estaba neste caso 2010 e o primeiro trimestre do ano seguinte, este ano xa se quitou única e exclusivamente no último trimestre do ano, esto é un aviso a navegantes que efectivamente vai a ter más coletazos, pasará co noitebus e pasará con outro tipo de servizos e eso é consecuencia dunha decisión política, o Partido Popular é moi libre de decidir loxicamente que prioridades pon a hora de abordalas con subvencións, por certo claro se dice aquí que o servicio de noitebus leva duas persoas, e aquí moitas veces veñen os buses de IASA que fan o servicio entre Ares e Mugardos e veñen con moi pouca xente, e levamos sete anos pagandolle ó transporte Metropolitano, e dicir co meu diñeiro se esta subvencionando a buses que veñen valeiros, entonces supoño que o igual que se vai facer con eso se optará por cargarse o transporte metropolitano porque tampouco ven a xente, eu penso que é un problema de decisión política, por certo eu non dixen catrocentas líneas dixen duascentas sesenta, dixen cerca de catrocentas mil persoas en menos dun ano, que eu creo que é unha cifra importante, importantísima e creo que o marxe de cuestións de carácter funcional que non temos que meternos aquí, o más importante é que o servizo continue, porque é do que se esta falando aquí, entón, o que non se pode dicir e que queremos que o servizo continue e como estamos en crise e non hai diñeiro puntos suspensivos, porque os puntos suspensivos o que quere dicir e que estamos dando unha carta libre para que o servizo se quite, entonces é tan claro como eso, o servizo desde o noso punto de vista ten que continuar, e despois a mí o que me parece é tremendo estar aquí falando de diñeiro cando dentro dunha semana se van a gastar millóns de euros en oito horas de visita do PAPA, eu creo que é alucinante todo esto non, a mí falar de austeridade con cuestións que raian a pornografia política, non a outra, entonces



a mí pareceme alucinante e ofensivo, cando estamos falando de vidas humanas, porque o PAPA que se saíba parece que non lle vai a devolver a vida a ningunha da xente nova que morreu en accidentes desgraciadamente, por os milagros xa sabemos que non existen, polo tanto como é unha cuestión de prioridade nos vamos a manter a moción tal e como está, que se manteña o servicio como está, que se mellora e incluso que se reforcé, nos non somos aquí quenes levamos o contacto coas empresas, hai un servicio que ten que funcionar, hai milleiros de mozos e mozas que neso teñen unha alternativa e lóxicamente eu creo que o noso deber polo que nos toca, porque todos temos fillos ou fillas, temos parentes que pensamos en que non collan o coche nos momentos en que acaban de divertirse, polo tanto e unha cuestión de prioridade e ademáis me alegro dixo o portavoz do Partido Popular, que era onde más líneas había, pois para que defendía Feijoo que vai de primeiro nunha das cousas a nivel de Estado, que será no mantemento de servicios, e lóxico que sexa así porque temos trinta mil nucleos de poboación, de 60.000 que hai en todo o Estado trinta mil son en Galicia, polo tanto claro que ten que haber líneas que levan a pouca xente, é como é, e desgraciadamente temos o país que temos, a cuestión e para o país que temos mantemos os servicios ou nolo cargamos ese é o gran debate que temos aquí, nese sentido nos mantemos a moción tal e como esta.

Toma a palabra o voceiro do Partido Popular, dixeche que eran catrocentas líneas e eu aclarei que era cento noventa e catro, dicir que o servicio non vai a desaparecer, que hai líneas que non levan practicamene a ninguen, e que se da a paradoxa que nese mesmo sitio que chegan os coches valeiros non hai servicio para trasladar á xente os centros de traballo nin os centros de saúde, eso é un despilfarro, eso haberá que reconsideralo é facer estudios, que os Concellos participan no transporte metropolitano, que os lugares onde está a movida que os empresarios de hostelería aporten, os que se van a beneficiar desa situación que aporten algo, para abaratar o servicio, neste caso os Concellos para que a xente utilice ese servicio público que aporten os Concellos unha cantidade, para abaratar o ese, para que a xente acuda, se ti vas a desprazar a miles de persoas a un centro de movida, pois ese centro de movida terá que dar unha cantidade o ano para abaratar o servicio, para que as administracións poidan levar a xente alí, e ainda por riba de non colaborar ir con duas ou tres persoas, eso é máis económico levar un taxi, e ainda encima polas mañas a xente que quere ir a traballo ou ir o médico que non teña unha línea, eso é lamentable, os recursos son os que son, e quero deixar ben claro que o servicio de noitebus non vai a desaparecer, precisamente foi aprobado por Real Decreto de 2005 pola Xunta do Partido Popular, a situación económica é a que hai, a situación de crise hai que aproveitar os cartos, non se poden malgastar e andar cos buses valeiros por hai, e polas mañas que a xente quere ir a traballar e que non teña servicio. Hai que retomalo, hai que mirar os servicios para eso están os técnicos que revisen as líneas que van valeiras e quitalo. Nos vamos a manter a emenda.

Rematado o debate sometese a votación a emenda do Partido Popular, e o Pleno do concello por 4 votos a favor (3 P.P e 1 NAL) 6 votos en contra (4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 1 abstención do Concelleiro non adscrito Sr. Echevarría Lage, acorda rechazala.



Acto seguido sometese a votación a Moción do BNG, e o Pleno do Concello por 6 votos a favor (4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) 3 votos en contra (3 PP) e 2 abstencións (1 NAL e 1 Concelleiro non Adscrito Sr. Echevarria Lage, acorda prestarlle a súa aprobación e en consecuencia adoptar o seguinte **ACORDO: Instar á Xunta de Galiza a manter o funcionamento do servizo de transporte público nocturno a lugares de lecer (Noitebus), sen aplicar ningunha reducción das rutas existentes e mellorando a súa dotación e funcionamiento no conxunto do territorio galego.”**

Sendo as doce horas e once minutos do día ó comenzo sinalado incorporase a Sesión a Concelleira Dª Ana María Fernández Coira.

b) MOCIÓN DO BNG “ SOLICITANDO A RETIRADA DO CANÓN DA AUGA RECOLLIDO NO PROXECTO DE LEI DE AUGAS DE GALIZA”.

Dase conta da Moción do BNG do seguinte teor literal:

O Proxecto de Lei de Augas de Galiza aprobado polo Goberno galego substitúe o actual canon de saneamento por dous novos tributos, o canon da auga e o coeficiente de vertido, coa única intención de aumentar a recadación por parte do gobernó do PP, a costa de familias particulares. Mientras as administracións preparan novas rebaixas impositivas para a adquisición de segundas vivendas, sen límite de prezo nin de renda dos seus titulares, o PP incrementa de xeito brutal e desproporcionado a imposición sobre o uso ou consumo da auga, nomeadamente para os usos domésticos, que serán os que soporten a maior suba de impostos. Xa no primeiro ano de aplicación destes dous novos tributos, a Xunta de Galiza, prevé duplicar a recadación prevista polo canón de saneamento para o ano 2010, cun incremento de preto de 35 millóns de euros. Unha persoa que viva soa e que teña un consumo medio, duns 3 m³. Ao mes, verá como a carga tributaria do seu recibo da auga se incrementa en máis dun 363% e unha familia de tres membros, con ese mesmo consumo por persoa, terá que soportar un incremento do 171%.

Esta é unha lei que foi elaborada sen consultar aos concellos galegos, sen discusión previa, obviando a realidade económica que se sofre no país e nos concellos.

Reducen os consumos asimilábeis a domésticos, pasando dos 3.000 m³/ao ano actuais a 2.000 m³/ao ano, o que terá consecuencias moi importantes na suba que van experimentar colexios, centros de saúde, pequenos negocios, hostalaría, etc.

Suprinen as exencións existentes na actualidade para os núcleos de menos de 2.000 habitantes prexudicando especialmente aos veciños e veciñas do rural, que terán que pagar o canon polo aproveitamento da auga dos seus propios pozos, ou de traídas veciñais, do que hoxe están exentos, e ademáis aínda que non teñan servizos públicos de abastecemento de auga ou de saneamento. Só no caso de que non dispoñan de ningún destes dous servizos



públicos poderán aplicar a reducción prevista na lei, pero aínda non tendo ningún servizo Terán que tributar polo canon de auga.

Esta lei obriga a instalar contadores homologados nos pozos particulares, baixo a amenaza de multas de até 30.000 euros.

Por outra parte, a lei non adopta ningunha medida que veña a incentivar o aforro de auga, nin nos usos domésticos nin nos outros, e por riba establece unha cota para todos os fogares aínda que non teñan consumo de auga. Trátase dunha política fiscal abusiva que queren aplicarle a toda a poboación co único obxectivo de recadar, cando con poñer en marcha a recadación do cano industrial –como no caso de ENCE –xa incrementarían os ingresos e garantiría un uso sostíbel da auga e unha xestión transparente do canon industrial do seu uso.

Vén ser outro incremento inxusto da imposición indirecta, que soportarán os galegos e galegas, independentemente dos seus ingresos, que só responde ao interese do gobernó do PP de facer recaer o incremento da recadación sobre as familias e outros usuarios que hoxe non soportan o canon de saneamento, mentres continúan a permitir a fraude fiscal aos grandes consumidores de auga cunha elevada carga contaminante, e négase no Parlamento galego a establecer impostos para as grandes fortunas, para as rendas superiores a 1 millón de euros.

Por iso, propoñémoslle ao Pleno do Concello de Ares a adopción do seguinte

ACORDO

Solicitar do Goberno galego a retirada do Proxecto de Lei de Augas de Galiza e elaborar un novo proxecto de Lei que sexa sometido a consulta pública. Debendo recoller as seguintes cuestiós:

- a)** Cumprimento da Directiva Marco da Auga e inclusión de todos os seus preceptos.
- b)** Garantir o acceso ao ciclo completo da auga a todos os ciudadáns e ciudadás de Galiza en igualdade de condicións.
- c)** Garantir unha fiscalidade progresiva para a auga en Galiza que de ningún xeito supoña un incremento de carga impositiva na situación actual de crise pola vía dos impostos indirectos.
- d)** Regulación e ordenación dos usos da auga que recolla todas as peculiaridades do territorio galego e do acceso á auga, de xeito que se garanta que a auga sexa un servizo universal das galegas e dos galegos.
- e)** Ter en conta unha regulación dos usos industriais da auga que garanta o uso sostíbel do recurso e unha xestión transparente do canón industrial do uso da auga.



Interven o voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval, manifestando que cunha novedade que precisamente no trámite de presentación desta moción e a celebración deste Pleno pois efectivamente se aprobou definitivamente o proxecto da Lei de Augas que presentou o Partido Popular no Parlamento Galego, pero en todo caso mantemos o contido tal e como esta porque efectivamente agas algún tipo de modificación, que nos non faciamos constar na parte dispositiva da Moción, e que se refire as bonificacións en concreto para as traídas veciñas, que pasou do 80 ó 90%, en concreto se aceptou unha emenda do BNG pero como xa digo non era obxecto do contido da Moción, nos pensamos que un proxecto como o da Lei de Augas non debía de deterse, ou non debía de pararse exclusivamente no apartado recadatorio, nos pensamos que o que non poden pretender única e exclusivamente a administración cada vez que instaura un canón, e poderíamos falar aquí do famoso canón de saneamento que ainda hoxe se esta pagando e que non esta en moitos casos revertindo en obras hidráulicas, que era a filosofía que tiña precisamente, bueno pois no caso concreto do da auga nos pensamos que esta por dar e haberá que dalo un debate que é importantísimo a respecto da importancia que teñen os nosos recursos hídricos, y fundamentalmente da necesidade de preservalos, da necesidade de racionalizalos e da necesidade de organizalos, esto pasa por un debate moiisimo más amplo, que é que nun país como o noso que incluso presumimos ou falamos a veces de que temos moiisima auga, pero que onde esta todo moi mal organizado e onde se da a paradoxa pois efectivamente que en veráns que non son tan fortes como poden ser en outras zonas do estado, nos quedamos en moitos casos sen auga por unha falta precisamente de organización, eso sería o fundamental desde o noso punto de vista, que era a organización de recursos hidráulicos e unha racionalización na súa utilización, hai unha directiva marco a nivel europeo, que nos pensamos que é a que habería de aplicar como base, para empezar este debate, en segundo lugar a nos parecenos fundamental que un gobernó o que ten que procurar, e mirar as formulas e as iniciativas e os proxectos para garantir o acceso ó ciclo completo da auga, a toda a cidadanía, e eu quero dicir aquí que nos ainda temos neste momento, dous nucleos importantes do noso Concello, a parte dalguns máis pequenos que non teñen abastecimento de auga, e que sen embargo curiosamente en Cervás e Chanteiro Iles vai afectar á xente que teña pozos de barrena, Iles vai a afectar o canon da auga como si tiveramos un servicio que Iles estamos prestando con nos, e un pouco o mundo o revés. Despois nos pensamos efectivamente que o que son as medidas de carácter fiscal teñen que levar naturalmente un carácter progresivo, no sentido que o que non pode supor é unha carga impositiva de carácter lineal e que se ten que fixar no tema do consumo, e efectivamente tamén outro tipo de parámetros a respecto da situación socio-laboral que teñen os usuarios dese servicio, nese sentido as propostas que nos facemos en concreto é e por eso as seguimos mantendo porque o proxecto aprobado o outro día por parte do parlamento galego, non recolle en absoluto a filosofía o as cuestiós básicas que nos plantexamos na nosa moción, e nese sentido pensamos ademáis que eso é un erro tremendo, que este debate se teña dado única e exclusivamente en sede



parlamentaria, estes pactos o peor que poden ter é ampararse en situacíons de maiorías ou de minorías nos Parlamentos, loxicamente estamos diante dun debate que nos afecta os Concellos, por exemplo no noso Concello temos un deses fenómenos que lles vai a afectar curiosamente como é a traída na Parroquia de Caamouco que non é de carácter municipal, e polo tanto nese debate deberían de ter participado, se debería ter escoitado a toda a xente que teñamos algo que decir a respecto dun tema tan importante como é un ben preciado, que eu son ademáis dos que defendeo que o temos que tratar como un ben preciado, pero o que non se pode pretender e decir que eso se aborda única e exclusivamente poñendo un novo canon, que lle vai a afectar incluso a xente que non ten como dixen antes a traída de augas, mantemos e remato todos esos cinco puntos que e o cumprimento da directiva marco, o tema de garantir o acceso ó conxunto da poboación, o tema da fiscalidade, a regulación dos usos da auga, e tamén efectivamente o tema dos usos industriais, que para nos é un tema importantísimo, porque posiblemente se esta derrochando moiísimo diñeiro, en ciclos da auga que son de carácter industrial e que non está revertindo eso pois naturalmente na fiscalidade que tiña que revertir, estando como estamos falando de empresas que non son particulares, nese sentido pedimos o voto favorable para que tamén se produza esa revisión, xa digo do proxecto de lei que agora xa esta aprobado polo Parlamento pero que en calquera caso nos seguimos mantendo a nosa visión crítica a respecto do documento.

Toma a palabra o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que simplemente dicir que a Lei que se acaba aprobar no Parlamento como dí o voceiro do BNG incluiu 40 emendas, 22 foron votadas por unanimidade, e polo tanto a Lei eu imaxino que todos os grupos en fase de debate tiveron a ocasión, de discutila e incluso como se pode deducir dos acordos que se tomaron na aprobación da mesma, resulta que hai 22 emendas que foron aprobadas por unanimidade. Bueno eu simplemente dicir que este é un tema que como sabemos todos esto ven por unha directiva marco europea o DMA, que obriga a Administración, neste caso á Administración da Xunta, a adaptarse á mesma, en tanto en canto unha das peticións que pide a mesma moción, eu me imaxino que a Lei de Augas de Galicia que se acaba de aprobar, terá que cumplir escrupulosamente todos os parámetros, para adaptarse á Directiva europea, en canto ó tema económico, onde se centra a maior parte da Moción, hai outros aspectos da Lei, que contemplan a misma que se obvian que son también moi importantes de laborar, pero hai que ter en conta, que o tema económico é seguramente o que máis rentabilidade política pode dar no xogo da discusión desta lei, pero tamén sabemos que os gobernos, os que teñen a responsabilidade de gobernó teñen que lexislar, porque estamos obligados como é este caso pola Directiva Marco Europea, onde nos obriga á aplicación da legislación neste campo, polo tanto aparte desto se crean unhas sociedades que se viñan xestionando, e polas cuales se vai a aforrar en canto á xestión do cobro fundamentalmente se aforran doucentos once mil euros anuais, e en definitiva que é o que nos importa dicir que o coste según as valoracións que se fan, veñen publicadas nos medios, que un tercio da



cidadanía, en Galicia vai a pagar menos do que viña pagando, e é verdade tamén como dixo o Voceiro do BNG, unha das emendas reducía en caso das explotacións familiares a este xente como si se lle aplicaran os baremos que se aprobaron salería ó ano 1,2 euros, entonces esta xente queda exenta do cobro porque sería moiísimo máis costoso a aplicación, do control e do cobro destos recibos o funcionamento das persoas que terían que levar este cobro que a exención da mesma, polo tanto estamos a falar de cantidades pequenas que en definitiva quedaron exentas do pago desto. Eu sei que hai moitas posibilidades moitas combinacións e se esta claro que si aquí se establecen os mesmos criterios que no seu día se aplicaron no Concello de Ares, e un tramo fixo e un tramo variable, en función do numero das persoas e o número do consumo, que o que se esta castigando no tramo maior de 50 metros cúbicos, se está aplicando neste Concello. Entendendo que calquier tipo de medida en canto á implantación da taxa e que lle vai a costar como se prevee 12 euros máis a cada ciudadán, esos dous tercios que van a pagar máis, o ano eu sei que é antipopular pero algún criterio haberá que aplicar, pero neste caso eu sei que as aplicacións ou combinacións que se poden facer na aplicación destas formulas, a hora de implantar o canon da auga, o mellor hai outras propostas pero creo que está é a más universal pero con certo criterio, o que más consume que más pague. Eu a fin e o cabo o que me pode repercutir económicoamente me imaxino que será igual que a todos os cidadás que estamos aquí, o concello si lle pode repercutir, pero este tema tampouco o vexo claro que outras fórmulas de aplicación sexan más ventaxosas, por eso o meu voto vai a ser a abstención.

Acto seguinte toma a palabra o voceiro do Partido Popular, Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que eu creo na xustificación desta Moción polo BNG, empeza dicindo que non é aprobada polos Concellos, esto foi aprobado polo Goberno da Xunta pasada ó parlamento, que se debate no parlamento onde están todas as forzas representadas e proba de elo é que se recollerón vintedous emendas, se fixeron unha serie de afirmacións que con mentira, como pode ser o dos pozos de auga, decir claramente que eso non se vai a cobrar, os pozos de auga non se van a cobrar, e a segunda as traídas veciñas como temos nos aquí a de Redes, que puxo por exemplo van a ter un desconto dun 80%, son os motivos que nos levan, decir que nos estamos pagando un canón o Concello de Ares, que nos esta pasando AQUAGEST cada trimestre, que nun recibo de 30 m³ que é o gasto dunha familia moderada, corresponderían pagar 6 euros, que é o que se está pagando agora, decir e eso están hai as estadísticas, que coa comparativa de aplicación co resto das Comunidades Autonomas, decir que a más cara é Aragón, a más económica é a Rioxá e última e a penúltima é Galicia, e por diante temos 11 Comunidades Autonomas que están por riba do canón de Galicia, decir que nos temos aquí unha obra que o Bloque Nacionalista Galego loitou como loitou o Partido Popular por sanear as Rías, e por ter unhas depuradoras, e por ter saneados os Concellos decir que estas depuradoras



teñen un mantemento e hai que pagalas, o que contamine que pague, estamos a falar dun imposto que é dos más económicos de toda España, e o custo económico desta taxa e das mais baratas, e nos aquí se somos solidarios e esiximos que nos saneen a Ría e que tiñamos unha depuradora, eso se vai a manter pero hai que pagalo mantemento, e si queremos que este gasto non repercuta nas arcas municipais, alguno o terá que facer, a Comunidade Autónoma terá que cobrar para manter estas instalacións, que ademáis neste Concello temos que loitar se queremos ter un Concello turístico e en boas condicións e fundamental ter un saneamento e unha depuración de augas eso é importantísimo, nos presentamos unha alternativa a esta moción a vamos a repartir ó resto dos grupo e queremos que se vote, que son cinco puntos que seguidamente se transcribe:

PROPOSTA DE MOCIÓN ALTERNATIVA.

O Concello de Ares insta ao Parlamento de Galicia a:

Que no Proxecto de Lei de Augas de Galicia, actualmente en trámite parlamentario, se teñan en conta os seguintes aspectos:

- O estrito cumprimento da Directiva Marco de Auga e a inclusión de todos os preceptos incluídos nela.
- O acceso ao ciclo completo da auga a todos os cidadáns de Galicia en igualdade de condicións.
- Unha regulación e ordenación dos usos da auga acorde coas características do territorio galego, na procura dun uso sostible do recurso e unha xestión transparente e finalista dos tributos obtidos por este servizo, tanto no tocante aos usos domésticos como industriais.
- Un tratamento diferenciado e más xuntos á hora de repercutir o consumo de auga, incluíndo a implantación dunha tarifa social nesta materia.
- A posta en marcha dun modelo de explotación de depuradoras de augas residuais con criterios de solidariedade territorial e xustiza tributaria, que asegure o correcto funcionamento destas instalacións e consecuentemente, unha mellora efectiva da calidade das augas.

Toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval, manifestando que si a emenda que fai o Partido Popular a presenta con data de hoxe, hai pon unha cousa que xa non procede, que dice que no proxecto de Lei de Augas de Galicia actualmente en trámite parlamentario, pois xa non está en trámite parlamentario, estaba cando presentamos a Moción do BNG, pero non está hoxe en trámite parlamentario, entón, o que lle teño que dicir o Partido Popular e que si quere ter introducido esas modificacións as tivo que ter introducido no Parlamento, eu creo que o PP pode facer eso perfectamente no Parlamento, nos tamén o quixemos facer no Parlamento; e lle vou a tratar de clarificar duas cousas, os pozos si que siguen estando afectados, e despois no tema das traídas



está vostede equivocada non é un 80 erá un 80, se aceptou unha emenda que era a única que saiu nos medios de comunicación, que para o caso das traídas a bonificación non vai a ser dun 80 senón dun 90 por cento, pero o que estamos falando únicamente é do tema da fiscalidade e mezclando cunha cousa que non ven ó caso, porque aquí xa se mezcla, por no último punto da moción que presentan vostedes falan da explotación das depuradoras, eso non ten nada que ver coa lei de augas, eu creo que é outro tema, e ata podo estar de acordo ainda que por exemplo no noso caso non vai a ser así, vostede sabe que a depuradora de Ares se adxudicou por un sistema que leva implícita a redacción do proxecto definitivo, a execución das obras e o mantenimento das instalacións durante un tempo, e por certo despois xa veremos cal vai a ser o canon que nos van a pagar, pero misturar esto co tema do canón da auga, é estarnos facendo trampas ó solitario, porque non ten nada que ver unha cousa coa outra, estamos falando dos recurso hidráulicos do abastecimento e non do saneamento, por certo o que di vostede do canon, o canon non o pon AQUAGEST o canón o cobra AQUAGEST pero o canon o pon a Xunta, eso o estamos pagando, e áinda temos a día de hoxe no noso concello algunas zonas que non se poden servir, nese sentido nos seguimos mantendo a moción, primeiro porque a emenda entra nun ámbito en algunas cousas é similar está prácticamente clavada á nosa, pero claro non quere entrar no principal, que é necesidade de concebir non soamente como un instrumento recadatorio, o portavoz de NAL falou antes do instrumento recadatorio, pero non é esa a única finalidade que ten que ter unha Lei de Augas, porque non estamos falando aquí, a Moción do BNG non é para rexeitar un aspecto da Lei de Augas que é o tema do canón, que é un aspecto específico, senón para rexeitar a Lei no seu conxunto porque filosóficamente a Lei adoece de moitos defectos, porque so quere solventar un, que é o tema recadatorio, entón chamarlle Lei de Augas a unha cousa que non ordena nada, que non racionaliza nada, pero eso sí se preocupa de cobrарlle á xente que ten os pozos desde hai cen ou doscentos anos como si fora un servicio que se lle está prestando, resulta un pouquiño alucinante como xa digo se vai a dar a paradoxa como en moitos deses casos, tiñan eses pozos os pagaron eles e ademais porque non tiñan traída pública neste caso do Concello. Vamos a manter o contido da proposta porque se trata dunha modificación, e sobre todo non estamos en absoluto de acordo a que se misture esto co tema do saneamento porque é outro tema completamente diferente, por certo o canon de saneamento se lle estuvo cobrando durante moitos anos a algúna xente que non ten saneamento, ou que non tiña saneamento ata hai muito tempo, agora o que se quere facer é aplicar o mesmo co tema da auga, nese sentido nos pensamos que se perdeu unha boa ocasión no Parlamento Galego, para dar un debate a fondo, perder más o tempo, eu xa sei que quen ten que aprobar a Lei é o Parlamento Galego, pero tamén se aprobou o Plan de Ordenación do Litoral, por certo que non foi a aprobación como Lei, senón que foi como un Decreto do Goberno Galego, e sen embargo se lles deu audiencia con



anterioridade ós Concellos, porque neste tema se hai que chegar a un pacto pola auga, non hai que ter en conta que estamos os Concellos ahí, que están as Comunidades da Auga, como por exemplo a de Redes, as comunidades de montes en man común, que xestionan a auga en moítismos Concellos, por exemplo da provincia de Pontevedra, toda esa oportunidade perdeuse porque ó final o que queremos e darlle a tecla, recaudar e ver de onde quitamos o diñeiro, por certo non para volver a manter o servicio de noitebus, nese sentido vamos a seguir mantendo a proposta tal e como figuraba na Moción.

O Voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán, di que sigue insistindo que a moción estaba presentada en tempo era o 80% e agora o 90% máis o noso favor, e decirle que os pozos non van a pagar, e dicir que nos somos a Comunidade Autonoma despois de a Rioxa que máis económico temos o imposto este, vamos a seguir mantendo a Moción, e non é un tema de recadación e proba evidente desto e que podería ir pola media do resto das comunidades e como dixen antes somos casi a máis baixa, neste temos 4,26 a Rioxa 3,15 Aragon 11,7 si falamos de Navarra 8,27 se falamos de Valencia 7,99 das Baleares 7,42 Castilla La Mancha 6,30 e Murcia 5,78 e Madrid 5,69 quero dicir que estamos por menos da metade do primeiro que é Aragon, esta claro que non é un tema recadatorio, eu xa dixen que antes que as Depuradoras nos x atemos a obra en marcha, pero hai moitas zonas de Galicia, que non teñen nada que queren servicios e hai que impoñelos, hai que facer obras, e o que esta claro que o que contamina ten que pagar. A mí non me tocou como Alcalde, pero o novo Alcalde pon unhas taxas polas cousas que fai, sexa a cea da Terceira Idade, sexa o tema do Magosto, á xente hai que concienciala que ten que pagar, ainda que sexa insignificante pero ten que pagar, os servicios non son gratis, e hai que concienciar á xente, proba evidente, eso non o fixen eu, pero bueno, os Concellos teñen que recadar e se se queren facer cousas os cartos teñen que saír dalgún lado, nos vamos a seguir mantendo a nosa proposta de emenda e nada mais.

Interven o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que hai algúnhas cuestións que lle gustaría aclarar, dado que a proposta que se nos presenta agora, eu creo que ven fora de lugar porque a Lei foi aprobada o día 26 e ven o día 27 e recolle prácticamente ó 100% da emenda que se presenta, creo que aprobar aquí algo que xa foi aprobado non ven moiato a conto, e polo que se refire á presentación da Moción cada vez o teño máis claro, bueno tamén ten algúnhha variación, porque hai cuestións como a do 80% ao 90% da bonificación do canón, ven a contradicir un pouco a exposición das propostas de acordo da moción, polo tanto eu penso que ambas están fora de lugar, a Lei foi aprobada o día 26 e entendo, ademáis gustaríame aclarar que o canón que se acaba de aprobar agora no Parlamento é con carácter finalista, ven a sufragar o coste das depuradoras e o mantemento das mesmas, polo tanto si que ten



que ver co saneamento, e ademáis a mesma Lei recolle que o canon da auga ven a sustituir ó canon de saneamento, entónces si que ten que ver, polo tanto se o cano é finalista e ven a sufragar os costes do mantemento do saneamento e do abastecemento teñen que ver unha cousa coa outra, aquí a Moción fai fincapé no tema do canon no tema económico que é o tema que máis xogo pode dar á hora de presentar esto, porque ó que lle toque de pagar máis non lle gustará, pero entendo que a lei é moito máis complexa que todo esto, fala dunha sociedade que vai a aforrar incluso na xestión, e fala de moitas cousas máis, como se establecen as tarifas á hora de aplicalas. Por outro lado dicir que o que se aproba no Parlamento ten que cumplir toda a directiva europea, polo tanto ou se cambian as propostas que veñen aquí, o una miña opinión que se retiren do debate.

Rematado o debate sometese a votación a Emenda do Partido Popular, e o Pleno da Corporación, por 3 votos a favor (3 PP) 7 votos en contra (5 PSdeG-PSOE) e 2 abstencións (1 NAL e 1 Concelleiro non adscrito Sr. Echevarría Lage) acorda rechazar a Emenda do Partido Popular.

Acto seguinte sometese a votación a Moción do BNG, e o Pleno da Corporación por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE e 2 BNG) 3 votos en contra do Partido Popular, e 2 abstencións (1 NAL e 1 Concelleiro non Adscrito Sr. Echevarría Lage) acorda prestarlle a súa aprobación e en consecuencia adoptar o seguinte acordo:

Solicitar do Goberno galego a retirada do Proxecto de Lei de Augas de Galiza e elaborar un novo proxecto de Lei que sexa sometido a consulta pública. Debendo recoller as seguintes cuestións:

- a) Cumprimento da Directiva Marco da Auga e inclusión de todos os seus preceptos.
- b) Garantir o acceso ao ciclo completo da auga a todos os cidadáns e cittadás de Galiza en igualdade de condicións.
- c) Garantir unha fiscalidade progresiva para a auga en Galiza que de ningún xeito supoña un incremento de carga impositiva na situación actual de crise pola vía dos impostos indirectos.
- d) Regulación e ordenación dos usos da auga que recolla todas as peculiaridades do territorio galego e do acceso á auga, de xeito que se garanta que a auga sexa un servizo universal das galegas e dos galegos.
- e) Ter en conta unha regulación dos usos industriais da auga que garanta o uso sostibel do recurso e unha xestión transparente do canón industrial do uso da auga.



Acto seguinte polo Sr. Alcalde e previamente a entrar no turno de Rogos e Preguntas, preguntase ós voceiros se teñen algunha Moción para presentar pola vía de urxencia, o Voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval presenta a seguinte Moción:

MOCION DO BNG AO PLENO DE ARES QUE SE PRESENTA POLA VIA DE URXENCIA, A RESPECTO DO DECRETO DO CARBON E A INTEGRACIÓN DO CONCELLO NA PLATAFORMA CONTRA DO DECRETO DO CARBON.

O Grupo Municipal do BNG no Concello de Ares propón ao pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1.- Que o Goberno español proceda á modificación dos contidos básicos do decreto do carbón, para os efectos de adaptalo ao desenvolvimento dunha estratexia enerxética económica e medioambiental sostible e as especificidades das distintas comarcas mineiras.
- 2º.- Que o Goberno Español teña en conta a singularidade das comarcas mineiras galegas das Pontes e Meirama na definición dos contidos definitivos do decreto e no desenvolvimento integral e sostible das comarcas mineiras.
- 3.- Dar traslado d'estes acordo Ministerio de Industria e aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados.
- 4.- Manifestar a adhesión do concello de Ares á Plataforma contra do Decreto do Carbón, apoando as iniciativas e moblizacións qu se levan a cabo na defensa do dereito a producir e dos postos de traballo neste sector estratégico para a economía comarcal.”

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval para dar explicación ó motivo da urxencia, manifestando que nos con anterioridade á manifestación do pasado domingo fixemos unha proposta que tamen se levou a outro tipo de concellos solicitando plenos extraordinarios para adherirse formalmente á Plataforma e apoiar a convocatoria da propia manifestación que se celebrou o pasado domingo como queira que non se procedeu á convocatoria dese Pleno non se fixo, pois reconducimos a contido da Moción e ampliamolo, quero dicir que os tres primeiros puntos que figuran nesta Moción foron aprobados por unanimidade, hai dez días no Parlamento Galego, por parte dos tres grupos, foron aprobados nunha resolución, dando lectura a proposta de acordó que é a seguinte: 1.- Que o Goberno español proceda á modificación dos contidos básicos do decreto do carbón, para os efectos de adaptalo ao desenvolvimento dunha estratexia



enerxética económica e medioambiental sostible e as especificidades das distintas comarcas mineiras.

2º.- Que o Goberno Español teña en conta a singularidade das comarcas mineiras galegas das Pontes e Meirama na definición dos contidos definitivos do decreto e no desenvolvemento integral e sostible das comarcas mineiras.

3.- Dar traslado dstes acordo Ministerio de Industria e aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados.

4.- Manifestar a adhesión do concello de Ares á Plataforma contra do Decreto do Carbón, apoiando as iniciativas e moblizacións qu se levan a cabo na defensa do dereito a producir e dos postos de traballo neste sector estratégico para a economía comarcal.

En calquera caso o último punto ten que ver cunhas convocatorias que se estiveron recibindo neste concello, a min concretamente se me trasladou por parte da Alcaldía, en concreto na última reunión que houbo a míñ se me deu un papel para esa convocatoria, eu asistin ali, nos a estas alturas pensamos, pareceme que o Concello de Cabanas se adheriu antonte á Plataforma, o Concellos de As Pontes se adheriu por unanimidade, e noutros Concellos se esta debatindo este tema, en calquera caso nos pensamos que hai un organismo plural e aberto con participación de todo o mundo que queira estar, pensamos que o Concello de Ares debe de estar hai porque, más alá de que este tema afecte, indudablemente dunha maneira máis forte As Pontes Concello e a Cerceda Concello, pois obviamente estamos falando da economía comarcal, neste caso do tema de producción enerxética, nese sentido como os tres primeiros puntos obedecen a un consenso do Propio Parlamento Galego, pois sobra dicir porque os presentamos, e o outro queremos que o Concello se adhira formalmente á esta Plataforma que esta creada xa neste momento.

Acto seguido sometese a votación a urxencia da Moción, e o Pleno da Corporación por unanimidade acorda ratificala urxencia e a súa inclusión na Orde do Día.

Seguidamente abrese un turno de intervencións, tomando a palabra o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que simplemente que xa neste Pleno acordamos e repetidas ocasións adherirnos a Plataformas ou colectivos que viñan reivindicando, os Comites de Empresa das Empresas e o mesmo governo e acordos do Parlamento Galego, eramos todos coincidentes nesta medida, o que se refire o 4 punto manifestar a adhesión do Concello a esta Plataforma, eu non sei si será moi conveniente adherirnos ou non, nos días pasados cando este tema viu aquí a Pleno ou a Xunta de Portavoces, esto foi aprobado por unanimidade, independientemente das negociacións, que houbo ó respecto,



eu o outro día nunha interpelación parlamentaria do Deputado do BNG ó Presidente do Goberno, nunha pregunta bastante extensa sobre este asunto, o Presidente do Goberno viu prácticamente a dicir estar tranquilos que non vai a pasar nada, eso foi o que dixo ali no Parlamento, eu non sei se hai que confiar nas palabras do Presidente, de que non vai a pasar nada, de que se vai a solucionar todo, e que se están estudiando as medidas para atallar esto, pero o que si esta claro que o tema esta sobre a Mesa, que os perxudicados, esta Comarca unha vez más entendo que vai a ser a más perxudicada, e en canto o tema do cuarto punto da Moción, eu non sei se será convinte adherirnos á plataforma esta, pola miña parte si se poidera excluir o cuarto punto da Moción moítisimo mellor.

Toma a palabra o Voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán, manifestando que esto xa foi aprobado, pero quere reflexar unhas cousas que non se poden permitir por parte do Goberno do Estado, eu o tiven que vivir aquí cando era o goberno bipartito da Xunta a míñ non se me recibía, e esto mesmo esta pasando agora co Presidente da Xunta, que esta remitindo escritos para ser recibido por parte do Presidente do Goberno do Estado e non é recibido, eu creo que esta Plataforma eu non sei se teñen que incorporarse os Alcaldes algúns deles xa están, pero a maiores os Comites de Empresa non sei se están metidos, pois parece que vai haber hoxe unha negociación, con respecto a este tema e que están representados os dous Alcaldes de As Pontes e Cerceda, pero non está representada a Comunidade Autonoma, que entendo que non se pode obviar o Goberno Galego nin os representantes dos Traballadores, estou falando por falar, pero non sei que compon a Plataforma esta, pero digo que esta Plataforma ten que estar constituída por todas as Administracións, en primeiro lugar polos Alcaldes, os Sindicatos e os representantes dos partidos e a Comunidade Autonoma, porque a Xunta xa levou ó xulgado o Decreto e creo que ten que estar. Nesto temos que facer forza todos, estes días poidechedes escoitar o presidente de Navantia, que a situación que vai atravesar Navantía é lamentable, levamos duas reconversións navales, e agora esto, e agora o Concello das Pontes se lle meten o tixeretazo a esto, prácticamente desaparece, os que vivimos todos esto desde o ano 83, temos que unirnos todos en defensa de nosos cidadáns, porque senón esto vai a quedar más que quemado, esto hai que amplialo a todos os sectores e que todos estén representados aquí, e poder facer toda a forza necesaria para defender estas duas instalacións, temos que estar todos a unha para defender a industria desta Comarca. O meu voto vai a ser favorable á Moción.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, manfiestando que eu saíba os Comites de Empresa non se pronunciaron, e más o de Cerceda manteuse totalmente ó marxe deste conflicto, houbo un pronunciamente expreso de que efectivamente a eles non lles afecta, efectivamente o carbón trasladase a Cerceda a través do tren, e o conflicto é fundamentalmente cos camioneiros que veñen efectivamente do porto de Ferrol, garantizados os postos de traballo loxicamente nas empresas, o conflicto básicamente na empresa auxiliar é dos camioneiros, en Cerceda loxicamente o problema é moito menor



porque o carbón levase en tren. O problema e dos moitos camioneiros de Vilalba, de Naron, de Ferrol, que fan ata seis viaxes ó día, desde o Porto Exterior a Endesa para levar o carbón, e que fai prácticamente menos dun ano fixeron modificacións cuantiosas nos seus camións, esixidas pola empresa, de tal xeito que solo poden transporte carbón, e agora, non lles deixan transportar carbón, teñen camións adaptados que so sirven para transportar carbón por esixencias da propia empresa. Entón o feito de que hai unha plataforma institucional liderada por todos os Concellos da Comarca, na que estamos integrados todos os Alcaldes, que reúnense con regularidade no Concello de As Pontes, alí van os Alcaldes e hai unha plataforma institucional, nesa plataforma institucional levanse a cabo todas as reivindicacións de interlocucións coas partes implicadas, fundamentalmente co Ministro de Industria, e de feito falouse nesas reunións do que o Alcalde de Cereda, e o Alcalde de As Pontes ía a trasladar, tanto á delegación do Goberno como o propio Ministro, nas sucesivas reunións que xa tiveron, o feito e que xa estamos nunha plataforma institucional, polo que se ve esta Plataforma contra o Decreto do Carbón é outra, e no punto 4 da Moción pídese manifestar a adhesión a esa outra plataforma, imaxino que as duas plataformas faran as cousas de maneira que non sexan contradictorias, e senón haber como facemos tendo duas plataformas acordando en cada unha delas cousas distintas, entón efectivamente como dí o portavoz de NAL os tres primeiros puntos lòxicamente polo menos para o grupo socialista, non admiten discusión, pero o punto catro si manifesta o feito de que xa estamos na Plataforma Institucional, que ten que ver a Plataforma Institucional con esta plataforma, si hai diferencias cales son as diferencias, e non sei como dicia o voceiro de NAL si se poidera aclarar un pouco máis o punto catro, a efectos de que lòxicamente eu xa me reunin varias veces como Alcalde no Concello de As Pontes por este tema.

Interven o Voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval, manifestando que a estas alturas aquí non sabe das cousas quen non quiere, hai xente como o noso Alcalde, se lle convoca para unhas plataformas e vai, e para outras plataformas non vai, e nos manda a nos o papel, a mí vostede me deu unha convocatoria para unha plataforma que non é a institucional, estamos falando obviamente do que todos e todas sabemos, dunha plataforma, plural aberta, onde están participando Concellos, onde están participando sindicatos, algunas organización políticas e algunas entidades a título individual.

O Sr. Alcalde pregunta, cal é a diferencia dunha con respecto da outra.

Resposta o Sr. Rodríguez Doval, vostede o saberá porque foi a unha e non a outra.

O Sr. Alcalde di que a el o convocou o Alcalde das Pontes.

O Sr. Rodríguez Doval di que a vostede o convocaron a unha reunión en Ferrol, e me deu a mí a fotocopia, a unha reunión no Carballo Calero o pasado día 15.



O Sr. Alcalde di que al non o convocaron. O Sr. Alcalde di que unha cousa e que o Concello se algun manda algo, eu o dou os portavoces, para que vaia quen queira, pero eu non vos convoquei para ir a esta Plataforma.

O Sr. Rodríguez Doval, di que a vostede se lle convocou como Alcalde.

O Sr. Alcalde di que non.

Resposta o Sr. Rodríguez Doval, como que non estaba a de Valdoviño e dous ou tres Alcalde más que foron alí, estaba convocado para o día 15 as sete da tarde no Carballo Calero, e non foi, e foi a outra onde non o chamaron.

O Sr. Alcalde, di que o chamou o Alcalde de As Pontes para varias reunións non Concello de As Pontes e foi, e desta outra plataforma non me chamou ninguen.

O Sr. Rodríguez Doval, di que eu teño certificación de vostede foi convocado, igual que o resto dos Alcaldes, uns non foron, e outros crearon, outra cousa o mesmo día media hora antes, e por falalo concreto alguns Alcaldes do PSOE para inviabilizar a Plataforma que se estaba creando na Comarca, pero como somos todos maiores de idade, eu non veño aquí a discutir, hai unha plataforma que se chama "Contra o Decreto do Carbon" que convocou unha manifestación o pasado domingo, manifestación na que estaba o Delegado do Goberno na Provincia de A Coruña, o Director Xeral de Industria da Xunta de Galicia e algunha outra xente, en Ferrol o outro día. Hai unha plataforma, e nos o que estamos propoñendo que nesta plataforma que ten un carácter comarcal, onde pode integrarse todo o mundo e coincido, co que dice o partido popular, e máis vou a dicir a primeira noticia que eu teño denunciando que a Comisión, que se creou e que se reúne por primeira vez hoxe, non participe o noso goberno, porque unha cousa e que eu non son do partido popular, e outra cousa é que o goberno o ten o partido popular, eu teño que defender que o Goberno Galego ten representación nun tema como este, digolle para que vostede o saiba que a CIGA xa quitou unha nota pedindo que este, e que no parlamento seguramente se vai a discutir unha proposta, para que a Xunta de Galicia como non, teña presencia nesa comisión de seguimiento que creou o Ministerio dunha maneira moi rara, porque por exemplo non están os Sindicatos, están os comités de empresa, e por exemplo está o representante dos Camioneiros, entón eu vou a falar con toda claridade, aquí non se está falando dos camioneiros, a que se pense que o que nos ven enriba e exclusivamente o tema dos camioneiros e que non se entera de nada, outra cousa, e que portavoz dos camioneiros sexa do PSOE, e que se lle este promocionando, pero o problema non é so dos camioneiros, o problema é que o Decreto lle impide queimar carbón as Centrais que non consumen carbón nacional, que son no caso concreto de Galicia, Meirama e As Pontes, que non van a poder queimar o carbón de importación, e é unha indecencia que despois de tantos anos de inversión, seiscentos e pico de millóns de euros para adaptar as duas Centrais á normativa Europea para emisión de gases, agora



non poidan producir, lle vou a dar un dato porque igual non sabemos como temos a casa por dentro, mire unha nota de prensa do día de hoxe, Intervención do Presidente do Goberno Español no Parlamento, contestación do Alcalde de Cerceda (membro do PSOE), dice - as palabras de Zapatero foron indignantes, según el Alcalde, a verdade é que é moi decepcionante, en todo esto tempo o único positivo que nos teñen dito desde o goberno, co tema do Decreto do carbón, é que se fará unha comisión de seguimento, do impacto que terá a norma nas Centrais, que é o mesmo que recoñecer que vai haber impacto, explico Liñares os compañeiros do Xornal de Galicia. Noticia de hoxe "Axencia Europa Press, posible baixa do Alcalde de Cerceda polo carbón Estatal, el Alcalde de Cerceda el Socialista José García Liñares, miembro del comité de seguimiento del Decreto del Carbón, que grava el de origen extranjero, advierte que para las próximas elecciones municipales será muy difícil defender las siglas del PSOE, si un Decreto tan perjudicial para Galicia se queda así, dice que ve muy difícil pedir el voto para el Partido Socialista, a menos de que se introduzcan medidas que eviten los perjuicios para Galicia, en medida suficiente para corregir los desequilibrios que se crean". Polo tanto non estamos falando dos camioneiros, porque o Alcalde de Cerceda, non é camioneiro, entón se contradice co que vostede acaba de decir, o problema tamén son os camioneiros no caso da nosa Comarca, pero o problema fundamental é unha empresa como ENDESA que xa no seu momento desgraciadamente pasou a mans privadas pero que é unha empresa estratexica para a economía galega, e é unha indecencia política que se faga un Decreto onde non se recoñeza efectivamente que as Centrais que fixeron os investimentos, as que cumpren se lles penalice e non podan producir, e o primeiro caso e dicir e como se nos aquí asfaltamos todas as ruas e despois hai unha norma da Xunta de Galicia que nos penalice ou lle da as rúas gratis a todos os da contorna e a nos non nos da nin unha peseta, pois loxicamente sería unha situación que nos non poderíamos asumir, nese sentido como os tres primeiros puntos non hai dubida, co último punto o clarifico, hai unha plataforma da cal forma parte que eu saiba, o BNG, a USTG, a Comisión Rumbo 21 que foi a que fixo a promotora das firmas polo tema de ASTANO, non sei se o Partido Popular, me da a impresión que o outro día foron á manifestación e que estaban ahí, o Concello de Cabanas que votou favorablemente a integrarse na Plataforma, o Concello de As Pontes por unanimidade, entonces nos o que estamos falando é de integrarnos nesa plataforma, que efectivamente esta aberta que ten que ser amplia, e que lle queda un traballo nos pensamos que importantísimo, non é bon dividir, tamén lle vou a dicir para que se tranquilice a súa conciencia, que eu fun testigo dunha conversación persoal co Alcalde de As Pontes con Valentín, para decirlle que o que non tiña ningún sentido e andar fomentando a división nas xestións por un lado e as xestións por outra, claro eu tamen valoro que o Sr. Alcalde levou o outro día a seiscentas persoas a Madrid para que lles contestaran o que lles contestaron o día anterior ó Secretario Xeral do PSOE, eu non son partidario de xogar coa xente así, polo tanto, nos estamos falando aquí de integrarse nunha plataforma, en contra do Decreto do Carbon, polas razóns que veñen no punto 1,2 e 3 porque vai a ser un Decreto perjudicial, xa saleu



a norma de desenvolvemento, xa a podedes leer, saleu no BOE o outro día, xa di claramente cales son as dez Centrais que van a producir, non ven ningunha nin Cerceda nin As Pontes, polo tanto como a míñxa me colleu a reconversión Naval, eu non estou disposto a facer de "gilipollas" outra vez, a míñxa alegra moito que aquí sexamos Galegos, Aresanos e que defendamos a Comarca por riba das siglas, pero eso hai que facelo día a día.

O Sr. Alcalde Presidente, manifesta que fixadas as posicións, o Grupo Socialista estima oportuno significar que o Concello xa esta integrado nunha Plataforma Institucional co resto dos Alcaldes, nesa plataforma están os Alcaldes de toda a Comarca, os do PSOE e do PP os do BNG non van nunca, eu as reunión que fun As Pontes, o Alcalde de San Sadurniño e o Alcalde de Mugardos non foron nunca, entón o BNG prefire estar nesta plataforma. Entón hai un plataforma que ten uns claros intereses partidistas, onde loxicamente está a CIGA e o BNG, e quere darlle corda a unhas pretensións lexitimas, que tamen son lexitimas para eles, poden facelo, pero loxicamente pensamos que é un uso partidista, dun problema sobre o que hai un consenso xeral, todos os Alcaldes estamos en contra de que esto suceda, estamos defendendo á empresa Auxiliar, os grandes problemas son as empresas auxiliares e os camionerios, porque o que esta en ENDESA efectivamente en ENDESA, e de feito hai que ver o que están a facer os comités de Empresa, hai que ver a gran axuda que lle esta prestando a esto o Comité de Empresa de Cerceda, que ata agora non fixo nada, mentres que o comité de empresa de As Pontes está alí non Concello con nos, en calquer caso os primeiros tres puntos non admiten discusión, e o cuarto punto si admite discusión e o cuarto punto si admite discusión, porque esa plataforma fai un uso partidista desa situación de conflicto, e é lexitimo que o faga, e os que sexan de CIGA ou do BNG que vaian a esa plataforma e os que non somos de CIGA ou BNG non vamos a esa plataforma.

Rematado o debate somete a votación a Emenda do PSdeG-PSOE de suprimir o punto 4 da Moción, co seguinte resultado: 5 votos a favor (5 PSdeG-PSOE) 5 votos en contra (3 P.P. e 2 BNG) e 2 abstencións (1 NAL e 1 do Concelleiro non Adscrito Sr. Echevarria Lage), á vista do Empate na votación, o Sr. Alcalde somete a unha nova votación o asunto con idéntico resultado, polo que é Aprobada a Emenda co voto de calidade do Sr. Alcalde, en consecuencia adoptar o seguinte acordo:

1.- Que o Goberno español proceda á modificación dos contidos básicos do decreto do carbón, para os efectos de adaptalo ao desenvolvemento dunha estratexia enerxética económica e medioambiental sostible e as especificidades das distintas comarcas mineiras.



2º.- Que o Goberno Español teña en conta a singularidade das comarcas mineiras galegas das Pontes e Meirama na definición dos contidos definitivos do decreto e no desenvolvimento integral e sostible das comarcas mineiras.

3.- Dar traslado dstes acordo Ministerio de Industria e aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados.

Acto seguinte polo Sr. Alcalde preguntase si hai algunha outra moción para someter pola vía de urxencia. Non presentadose máis, polo se pasa o punto seguinte de rogos e preguntas.

PUNTO NÚM. 5.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Aberto o turno de rogos e preguntas toma a palabra o Sr. Luis Cendán Fernandez, manifestando que hai aquí un manifiesto, que era o acordó sobre o pavillón.

Resposta o Sr. Alcalde: O Técnico de Deportes fixo ese escrito para que nos tomaramos coñecemento nunha comisión, agora o tedes, e nunha Comisión temos que facer a declaración institucional, so hai unha descripción de feitos, entón na Comisión se lle facilita ós grupos e nun Pleno teremos que aprobar o que negociemos previamente nunha Xunta de Voceiros, con esa documentación que os facilitemos, entón claro non ven a Pleno porque áinda non fixemos a declaración Institucional.

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval e fai as seguintes preguntas: ¿Qué sabemos das obras de ampliación C.P.I., hai proxecto, hai decesión se sabe algo? , esa sería a primeira, ¿Se sabe algo do proxecto do Centro de Saúde, queríamos saber se ese proxecto vai a pasar algúun día para coñecemento por parte da Corporación, sería alucinante que nos vaian fazer unha cousa que nos non coñecemos; e si se sabe algo da licitación, porque eu mirei os orzamentos da Xunta e non ven absolutamente nada? Outro tema ¿ Que sabemos das obras de saneamento e depuración, vamos das obras da depuradora, eu preguntei aquí ó respecto do problema que había en Saavedra Meneses no paseo marítimo, pero a percepción que eu teño e que unha vez que acabaron co tema dos tubos, me da a impresión de que se obra esta parada ou semiparada, se hai algúun problema, e si sabemos que horizonte ten eso, porque da impresión de que no camiño que levamos no 2012 non vai a estar funcionando a estación depuradora de augas residuais? ¿Qué sabemos tamén da Contratación das obras de abastecemento de Cervás, porque se eu non entendín mal, se dixo que esa obra co escrito que chegou da Consellería e coa aprobación por parte da Corporación do proxecto técnico, que incluso podería ir con cargo os fondos deste ano,



porque tamén nos orzamentos do ano que ven, me da a impresión de que non ven nada? E en último lugar ¿se sabemos algo da posta en marcha do Centro de Día?

Toma a palabra o voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán, quen di que a primeira é por un tramo na Avda. de Mugardos, onde están facendo esas obras que esta sen alumado, un tramo de 100 metros onde están as edificacións. Na rúa Concepción Arenal, exactamente o mesmo, hai unha zona que esta a oscuras. E despois a terceira pregunta e o tema da Fonte de Papellas, a situación que ten, cales son os motivos, porque aquello asusta, caeu o muro.

Resposta o Sr. Alcalde, que co tema do C.P.I. a Consellería de Educación comprometeuse a redactar o proxecto, comprometeuse en xuño e estamos á espera de que nolo comuniquen, nos en setembro enviamos un escrito intimando e ademáis a comunidade escolar tamén, en consecuencia houbo consello escolar, efectivamente nos puxemos de acordo no contido dos escritos, e efectivamente enviamos, os nosos escritos foron respaldados de inmediato ese mesmo día se nos respostou por fax, que efectivamente se está loxicamente traballando neste tema, que próximamente nos darán a coñecer o proxecto, eu esto non sei se é certo, é o que me din, a mí efectivamente me din que o compromiso está asumido que van a redactar o proxecto, e que efectivamente nas partidas económicas dos orzamentos non vai con carácter específico, pero que vai en partidas xerais, por suposto se non cumplen esixirse desde a comunidade escolar e desde o concello o cumprimento da palabra dada para solventar un problema moi importante, pero a competencia é Autonómica, e nos temos que esixirlle á comunidade autónoma que cumpra, e efectivamente temos un escrito do Delegado onde se nos confirma que todo sigue na tramitación correspondente.

Respecto do Centro de Saúde tamén é unha competencia autonómica, e so hai que ver efectivamente o prego de condicións, á empresa adxudicataria redacta o proxecto, hai un básico, e o proxecto básico recolle as necesidades e a ocupación de toda a parcela, unha planta sótano, unha planta primeira, unha planta segunda e un baixo cuberta, entonces multiplica por catro o espacio actual, entonces hai un proxecto básico, que simplemente recolle as necesidades, e agora a empresa que gañe o concurso ten que redactar o proxecto de execución, entonces ¿Qué é o que van a construir?, ata que este licitada e a empresa adxudicataria, unha das cousas que se lle valora é o proxecto de execución, á empresa que faga a oferta económica máis acorde e o mellor proxecto de execución via a gañar o concurso, entonces claro de momento sabemos que se multiplica por catro o espacio actual, son catro plantas ó largo de toda a parcela, e agora temos duas na metade da parcela, eso significa multiplicar por catro a disponibilidade, pero hai que esperar a que se licie e por certo ben nos orzamentos e de maneira expresa, ben consignado expresamente o diñeiro para o Centro de Saúde de Ares.



En canto o saenamento e a depuración non hai ningún problema en absoluto, están traballando na estación de bombeo dos Galgos, e efectivamente están a espera de poder entrar nos terreos expropiados para seguir loxicamente cos traballos. Non se pode entrar nos terreos expropiados sen consignar ben en Facenda o 30% do valor de expropiación, ou ben sen pagarlle os interesados o 30% do valor de ocupación, cousa que se fixo o largo do mes pasado e de este, hai que facer as notificacións, hai que poñer un día, e ese día os que se presentan recibin un cheque en man, e os que non se deposita en Facenda a seu favor, se consigna a cantidade, en consecuencia sigue todo coa tramitación correspondente, en consecuencia xa teñen os terreos a disposición; porque están traballando nos Galgos, porque eses non foron expropiados, eses os compramos.

Con referencia a contratación do Centro de Día se nos dixo no verán que asumiramos unhas obras que non nos corresponden, porque ese edificio o licitou a Xunta, houbo unha empresa adxudicataria, e esta o tiña que facer, e se non fixo o peche, se non fixo determinadas cousas o Concello non as ten porque facer, para facilitar que non exista nin un so retraso fixemos obras que non tiñamos que facer, que as tiña que facer a empresa adxudicataria porque iban a abrir en outubro, pois xa vimos a palabra que ten efectivamente a Consellería de Traballo, pero da Consellería de Traballo xa falaremos outro día, so hai que esperar que pasen 72 horas, porque xa falaremos profundamente da Consellería de Traballo, e as esixencias que lle vai a plantear este Concello incluso nos tribunais de xustiza, xa falaremos, ese e outro tema respecto do cal teño que esperar un pouco. Pero de momento esa Consellería de Traballo so veu aquí a Ares a presentarnos o que fixeron os outros, viu a clausurar un Taller de Emprego que nos deu o biopartito, viu a inaugurar unha Galescola que nos deu o bipartito, e agora vai a querer vir a inaugurar un Centro de Día que nos fixo o bipartito, de momento esa Sra. Conselleira a Ares non trouxo nada, absolutamente nada, por certo súa palabra xa vemos o que vale, dixo que abre en Outubro, e xa pasou Outubro e segue pechado, pero por suposto que vamos a esixir a apertura do Centro de Día, porque é moi bonito vir a pasar o palmito con cousas que fixo outro goberno, pero como ese é un tema moi complicado que vai a dar moito que falar, pois efectivamente o deixamos para a semana que ven.

En canto o tramo da Avenida de Mugardos se están realizando obras de urbanización, eu non din as licencias a esas promotoras e constructoras, as obras van a seu ritmo, e as obras de urbanización as que están comprometidos implican estos inconvenientes, por suposto que estaremos encima para que esa non este sen alumado máis do necesario, e o mesmo na Concepción Arenal, aquello parecía unha estrada de Beirut igual que o Mazote, alí campaban a súas anchas e nos deixaron as estradas destrozadas, na Concepción Arenal como no Mazote conseguimos aglomerar, o Mazote xa está rematado e na Concepción Arenal aglomeraron hai quince días, agora falta o alumado.



Con respecto a Fonte de Papellas, esa fonte xenerou unha actuación con cargo o Plan E, e a estrada que está enriba ven sostida a través dun talud de pedra moi antiga, entonces cando efectivamente a dirección de obra, a prevención de riscos deciden actuar na rehabilitación da Fonte, xurde o medo que o camión das bombonas ó pasar loxicamente provoque a caída dese muro, en consecuencia como xa estamos actuando decidimos actuar en todo, encontes provocamos nos a reconstrucción do muro, que é un muro de soporte da estrada que vai por riba, unha vez que actuamos en toda a Fonte dabanos medo deixar esa parede de cachote sin tocar. A Empresa vai a ritmo que vai, a míngustariame que estivera rematada, pero si vamos en prazo. Unha vez que actuamos deixar un muro de fai tres seculos sen tocar sabendo que por riba van a trasegar camións de bombonas, o camión da basura, en consecuencia nos plantexamos que unha vez que estamos tamén vamos a facer ese muro novo. En consecuencia se quitou a pedra e agora se volveu a poñer, nunhas condicións de muro de contención.

O tema da auga de Cervás, ven nos orzamentos ven consignada efectivamente o defecto de partida, o auga de Cervás vale 719.000 Euros, a míngustariame sempre se me trasladou que se ia a executar no prazo máis breve posible, eso significa que se ía a executar con remanentes, bueno os remanentes non chegan fallan 219.000 euros, en consecuencia eu creo que se vai a licitar de inmediato, pero para o ano que ven se consignaron nos orzamentos os 219.000 euros restantes, se consignou unha partida para chegar os 719.000 euros, o compromiso existe, e a diferencia da Consellería de Traballo, o Sr. Conselleiro de Política Territorial a míngustariame nunca me enganou, cando me dixo que facía o fixo, me dixo que facía o abastecemento de Cervás e creo que non me vai a enganar, a Consellería de Traballo e outro tema, a semana que ven cando teñamos que exercitar as accións xudiciais correspondentes darei conta o Pleno das acusacións que os servizio xurídicos do Concello van a entablar, en calquier caso o abastecemento de Cervás esta consignado e polo tanto estou convencido de que esa obra se vai a executar.

E non tendo más asuntos para tratar e sendo as trece horas e dezaseis minutos do día o comienzo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,